



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

CIRCULAR 5/2024

Asunto: Gozo de vacacións pendentes do ano 2024

Mediante esta circular lémbrese que, polo Decreto da Alcaldía núm. 2088/2024, do 19 de novembro, adoptouse a seguinte medida en materia de vacacións pendentes de gozo do ano 2024:

“Considerando a data límite de gozo das vacacións anuais establecida no artigo 24.4 do Acordo Regulador entre o Concello de Sada e o seu persoal funcionario e no artigo 24.4 do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Sada.

Considerando que a carga de traballo existente nos diferentes servizos municipais, a situación derivada doutras circunstancias como períodos de incapacidade laboral temporal, etc., influíron no calendario de vacacións inicialmente aprobado, modificándose a distribución e concesión dos períodos de gozo de vacacións do persoal municipal.

Co obxecto de que os servizos non se vexan afectados, ao coincidiren empregado/as dun mesmo servizo, polo gozo dos períodos pendentes de vacacións axustándose ao final do prazo límite establecido.

*En virtude das competencias atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:***

- 1. Ampliar a data límite de gozo das vacacións anuais do ano 2024, establecida pola normativa de aplicación, con carácter xeral para todo o persoal municipal e de xeito extraordinario e excepcional ata o 28-2-2025.*
- 2. Comunicar esta resolución ao persoal municipal”.*

Neste senso, co obxecto de organizar os diferentes servizos, todo aquel persoal municipal que teña vacacións pendentes do 2024, que non se atope en situación de incapacidade laboral temporal, deberá solicitar a maior brevidade, os períodos de vacacións pendentes do ano 2024 para o seu gozo con data límite o 28-2-2025.

O que se informa a todo o persoal municipal para o seu coñecemento. Que se expoña nun espazo accesible en cada área municipal e se publique no taboleiro de edictos e no taboleiro da Sede electrónica municipal.

Sada, na data da sinatura dixital

A concelleira delegada de facenda, seguridade cidadá e persoal

Pilar Taibo Fernández

- Persoal Municipal

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. verificar a integridade e autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <https://sede.sada.gal>